

ENGADIDO AO PLAN DE DE ACCIÓN POLO CLIMA E A ENERXÍA SOSTENIBLE

Antecedentes

Con data 4 de novembro de 2020, maría Montserrat Casal Rivas (Noverxia®) fixo entrega no rexistro electrónico d concello da Illa de Arousa do borrador do informe nomeado “ PLAN DE DE ACCIÓN POLO CLIMA E A ENERXÍA SOSTENIBLE – PACES”.

Unha vez revisado polo servizo municipal de medio ambiente, atopáronse unha serie de deficiencias que se pretender emendar coa presente emenda.

As deficiencias detectadas foron as seguintes:

1. Falta a avaliación de riscos e vulnerabilidades dos sectores Educación e TICs
2. M.B.7. Elaboración Dunha Auditoría De Alumado Público: Debería haber unha correspondencia de aforro por punto de luz auditado (ou xa vinculala directamente á medida M.B.8).
3. M.D.19. Creación da Comunidade Local de Enerxía Renovable (CLER): entendo que neste caso é difícil cuantificar o aforro, mais tendo en conta que vai se vai nutrir con enerxía renovábel poderíase facer unha estimación da participación nesta comunidade enerxética, e polo tanto da enerxía xerada e das toneladas de CO2 aforradas.
4. M.E.20. Pequenas Auditorías Enerxéticas no Sector Servizo: Se un dos indicadores é o Consumo de enerxía no sector servizos debería ter unha estimación deste aforro, como si ocorre na medida equivalente do sector doméstico (M.D.15).
5. M.E.21. Compra De Enerxía Verde: Se a medida equivalente no sector doméstico (M.D.15) ten asociados valores de redución, esta tamén debería de contemplalos.
6. M.F.22. Plan De Mobilidade Urbana Sostenible: no documento do PACES aparece un indicador de seguimento (Consumo de enerxía do transporte privado e comercial (Mwh/año)) que logo non aparece reflectido na ficha.
7. M.H.29. Creación da Comunidade Local de Enerxía Renovable (CLER): o mesmo que para a M.D.19.
8. M.H.30. Bonificación Fiscal En Licenzas De Obra Para Implantación De Enerxías Renovables: Un dos indicadores é a Cantidade de enerxía producida por enerxías renovables de maneira local (MWh/año), polo que debería de estimarse.
9. Para facilitarvos o traballo, procedo a extraer da Guía anexada os campos obrigatorios para as Accións clave (páxinas 38-41):
10. Xeral para todas as Accións clave:
 1. Short description of the action (descripción breve de la acción)
 2. Action stakeholders (partes interesadas en la acción)
 3. Total implementation cost (coste total de la implantación)

11. Para as accións de mitigación:

1. Sector
2. Energy savings (ahorros de enerxía)
3. Renewable energy production (producción de enerxía renovable)
4. CO₂ reduction (reducción de CO₂)

12. Para as accións de adaptación:

1. Climate hazard(s) addressed (perigos climáticos abordados)
2. Outcome(s) reached / Indicator (resultados obtidos / indicador)

13. Para as accións contra a pobreza enerxética:

1. Vulnerable population group(s) targeted (grupos de poboación vulnerables a los que va dirigido)

Nos seguintes puntos desenrolase as accións necesarias para amañar os anteriores erros sinalados, agás para os puntos do 10 ao 14, que serán tratados en informe aparte, ou directamente a través de correo electrónico, dado que a meirande parte dos datos solicitados figuran na folla de cálculo anexa “9_Ficha_Medidas_Mitigacion_PACES”

Achegade, anexado ao presente informe, arquivo en formato folla de cálculo coa avaliación de riscos e vulnerabilidades, así como a folla de cálculo onde se recollen tódalas medidas de mitigación e adaptación.

Ambos arquivos recollen as observacións sinaladas no presente informe.

1- Falta a avaliación de riscos e vulnerabilidades dos sectores Educación e TICs

Na táboa 1 do PACES. Páxina 117, non se contemplaron como receptores estudados na avaliación de riscos e vulnerabilidades ao cambio climático del municipio os sectores de educación e tecnoloxías da información e da comunicación.

Por solicitude do servizo de medio ambiente, faise a continuación esta avaliación para cada un dos riscos sinalados no PACES.

Identifícase coa letra “P” o índice de probabilidade, e coa letra “C” o índice de consecuencia, tal e como se describe no PACES.

Axúntase ao presente informe o arquivo en formato folla de cálculo coas avaliacións de riscos e vulnerabilidades completas.

1.1 - 6.3.3 Precipitacións extremas

Sector	Receptor	P	C	Vulnerabilidade
Educación	Infantil 0<3	7	3	21
	Primaria y secundaria obligatoria <16	7	3	21
	Secundaria	7	3	21
TIC (tecnologías de la información y las comunicaciones)	Redes fijas terrestres	7	3	21
	Redes móviles	7	2	14

1.2 - 6.3.6 Secas

Sector	Receptor	P	C	Vulnerabilidade
Educación	Infantil 0<3	5	7	35
	Primaria y secundaria obligatoria <16	5	7	35
	Secundaria	5	7	35
TIC (tecnologías de la información y las comunicaciones)	Redes fijas terrestres	5	1	5
	Redes móviles	5	1	5

1.3 - 6.3.7 Incendios Forestais

Sector	Receptor	P	C	Vulnerabilidade
Educación	Infantil 0<3	7	4	28
	Primaria y secundaria obligatoria <16	7	4	28
	Secundaria	7	4	28
TIC (tecnologías de la información y las comunicaciones)	Redes fijas terrestres	7	5	35
	Redes móviles	7	5	35

2. - M.B.7. Elaboración Dunha Auditoría De Alumado Público

Entendendo que o aforro que directamente pode achegar está no deseño dos novos sistemas de iluminación, sobre todo na eliminación de áreas sobre iluminadas, así como de accións administrativas como a redución de potencias contratadas, que por acción directa deberían de redundar nunha minoración das programacións de unidades xeradoras nos mercados diarios.

Tamén se ten en conta, que o aforro que se sinala na medida M.B.8. Está calculado cun criterio moi conservador, polo que, asignando aforro a esta medida, non se compromete a consecución dos obxectivos do PACES. (4,5 Mwh/ano)

3. - M.D.19. Creación da Comunidade Local de Enerxía Renovable (CLER)

A esta medida asígnase xeración de enerxía renovable. Para o seu cálculo, partimos do “Estudo enerxético da Illa de Arousa” realizado para o proxecto “Clean Energy for UE Islands”.

Neste estudo, calcúlase un potencial de xeración para diversas tecnoloxías, dado que nunha CLER o principal actor debe de ser a cidadanía da Illa, centramos o cálculo na enerxía solar fotovoltaica, por ser esta a máis flexible, tanto en dimensionamento como en adaptación ao medio; así como de ser a máis económica das tecnoloxías de xeración maduras e dispoñibles na actualidade.

O devandito estudo calcula a produción anual de enerxía eléctrica con tecnoloxía fotovoltaica en 8.373,95 MWh. Estimamos unha penetración do 2,15 %, o que supón a instalación de 150 kW, que xerarían un total de 180 MWh ao ano.

4. - M.E.20. Pequenas Auditorías Enerxéticas no Sector Servizo

Aplicamos o mesmo criterio que na M.D. 13. Estimamos un aforro directo derivado de accións con nula ou moderada inversión equivalente ao 1% do consumo enerxético en electricidade. 167,64 Mwh/ano.

5. - M.E.21. Compra De Enerxía Verde

Aplicamos o mesmo criterio que na M.D.15, pero tomado o consumo eléctrico do sector servizos como referencia. Dado que descoñecemos a penetración actual da compra de enerxía verde neste sector, calculamos un aforro do 1% de aforro (40,9 Mwh/ano).

Este cálculo de aforro enerxético faise tendo en conta que, aqueles cidadáns que se sumen á compra enerxética verde, fano en conciencia, é dicir, teñen suficiente sensibilidade como para actuar de forma eficiente, e formarse na mellor uso de equipos receptores. Moito máis tendo en conta que actualmente o custe da electricidade verde é superior ao da electricidade convencional.

6. - M.F.22. Plan De Mobilidade Urbana Sostenible

O impacto previsible da aplicación conxunta das medidas de actuación incluídas nun PMUS segundo a estimación realizada na Estratexia Española de Movilidad Sostible (EEMS), é que se poden chegar a alcanzar aforros enerxéticos ao redor de entre o 10% e o 15% do transporte privado e comercial e unha redución de emisións do mesma orde de magnitude. Estes aforros irán en función do investimento realizado, podendo axustarse en caso que se xustifique de maneira adecuada.

O resto de medidas do PACES adicadas á mobilidade calculan un aforro de 908,61 Mwh/ano, o que supón un 9,52 % sobre os 9.540,15 MWh de consumo total anual do transporte privado. Tratándose este dun cálculo conservador, e mellorable por si so, dado que dentro do PMUS non se

contemplan os plans e axudas da renovación do parque automobilístico, podemos asignar un 0,48% de aforro ao conxunto do PMUS, ata completar o 10% de aforro do sector. 45,79 Mwh/ano.

7. - M.H.29. Creación da Comunidade Local de Enerxía Renovable (CLER)

Ao igual que no anterior punto 3, realizamos unha estimación de instalación de enerxía solar fotovoltaica, tendo en conta que xa se recolleu na medida 19 unha instalación de 150 kW, asignamos neste capítulo outros 50 kW máis, centrados no sector industrial e de servizos da Illa. 60 MWh ao ano.


8. - M.H.30. Bonificación Fiscal En Licenzas De Obra Para Implantación De Enerxías Renovables

Estimarase o custo que o Concello destinará en concepto de bonificación do ICIO. Deberase fixar unha cota media de bonificación do ICIO que oscile entre o 20% e o 30% e que se aplicará ás licenzas de obra con estes fins (entre o 2% e o 6% das licenzas solicitadas, de maneira proporcional á taxa de bonificación escollida). Con isto, o custo pola bonificación no ICIO será de “% Bonificación X Importe ICIO no municipio X % Licencias para renovables X Nº Licenzas obra solicitadas”.

A aplicación desta ordenanza fomentará a realización de obras de implantación de renovables, polo que en termos xerais, en función do investimento alcanzarase unha redución de emisións de CO₂ media de entre o 1% e o 3% debido ao uso de enerxías renovables. Esta marxe poderá variarse en caso que se xustifique.

Así entendendo que esta bonificación vai ter efectos tanto no sector doméstico como no industrial (non así no sector servizos), asignamos unha redución do 1% do CO₂ . 262,01 MWh ao ano.

En Cabanas a 17 de novembro de 2020



Noverxia

Xosé Manuel Golpe Acuña

Técnico Especialista en Enerxías Renovábeis